

ACTIVIDADES XERAIS

Contidos que podes traballar con esta actividade

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: bloques 1, 2 e 3

Área **Coñecemento da contorna**: Bloque 3.

Área **Lingua: Comunicación e representación**: Bloque 1 e 4.

IDENTIFICANDO SENTIMENTOS

Desenvolvemento

1ª fase

- Explicar que se dirán en voz alta algunhas situacións e deberán poñer a expresión adecuada a cada unha delas. Por exemplo:
 - Vai vir unha persoa querida á que fai moito que non ves.
 - O/A noso/a mellor amigo/a vaise de viaxe e imos tardar moito tempo en velo/a.
 - Non me deron algo que quería.
 - Regálanme algo e non o esperaba.
 - Estou a escoitar con moita atención algo que me din.
- Controlar que os nenos e as nenas van poñendo as expresións adecuadas, e facer entre todos e todas aquelas que non queden claras.

2ª fase

- A continuación, colocar os nenos e nenas en dúas filas enfrontadas, de xeito que esteamos de costas a unha e nos vexan desde a outra. Explicar que agora poñeremos unha serie de expresións que nunha das filas terán que imitar, mentres que vos dá outra fila, terán que adiviñar a que estado de ánimo corresponden.
- Despois dunhas cantas expresións, dar as costas á outra fila e repetir outra quenda de expresións.
- Terminar reflexionando cos nenos e nenas a partir de preguntas como estas:
 - Como o pasastes?, que é o que sentistes?
 - Custouvos identificar vosos estados de ánimo?
 - E as expresións, custouvos facelas?
- Explicar que é importante saber recoñecer o estado de ánimo e os sentimentos das persoas para poder axudalas se o necesitan, saber se lles molestou algo que dixemos o fixemos, ou celebrar con elas os momentos felices.

Un súper heroe de verdade sabe recoñecer o estado de ánimo dos demais

EU TAMÉN PODO SER SÚPER HEROE DE VERDADE

Necesitaremos

Cuadrante de Control (imprimilo nun tamaño grande e colgalo nun lugar visible dá aula).

Consideracións previas

A duración da actividade é de, polo menos, catro semanas, aínda que dependerá da planificación que faga a educadora ou o educador. Debemos lembrar con asiduidade os obxectivos correspondentes a cada valor e a importancia de cumprilos:

Obxectivos Solidariedade

- Coido os materiais da clase e mantéñoa limpa e ordenada.
- Axudo aos que o necesitan en clase e no patio.

Obxectivos Respetto

- Nas Asembleas respecto sempre a quenda de palabra.
- Escoito con atención aos demais cando se expresan.

Obxectivos Xenerosidade

- Comparto os materiais, xogos e xoguetes da clase cos demais.

Ao final de cada semana, anotarase o número de persoas do grupo que manteñen os seus adhesivos, baseándonos no logro dos obxectivos, aínda que sen identificar persoalmente a ninguén. Isto permitirá ter unha visión global do desenvolvemento da actividade e da evolución da clase na consecución de obxectivos.

Cada valor co seu grupo de obxectivos, será contabilizado por separado cada semana. Isto implica que, aínda que se conseguiu unha semana manter o adhesivo dun valor, deberánse continuar cumprindo os obxectivos marcados, porque de non ser así a perderían.

É fundamental recalcar que non basta con conseguir os tres adhesivos, o importante é que todos e todas logren mantelas, o que implica esforzarse por actuar de acordo aos valores que representan.

Desenvolvemento

- Colgar na aula o cuadrante de control. Explicar aos nenos e as nenas que deberán cumprir os obxectivos que aparecen nas columnas para poder manter os seus adhesivos da Academia de Súper heroes de verdade, algo que faremos ao longo de varias semanas.
- Ao finalizar cada semana e en Asemblea, repasar o panel e expor cuestións como:
 - Que adhesivos conseguistes manter esta semana?, Por que?
 - Cales non se conseguiron?, que debes facer para mantelas?

Os súper heroes de verdade sempre están pendentes de cumprir co seu deber.

CUADRANTE DE CONTROL

	Solidariedade Obxectivos: • Coidar os materiais da clase e colaborar en manter a clase limpa e ordenada. • Axudar a quen o necesita.	Respecto Obxectivos: • Nas Asembleas respectar a quenda de palabra. • escoitar os e as demais.	Xenerosidade Obxectivos: • Compartir cos demais.
Semana 1			
Semana 2			
Semana 3			
Semana 4			

AXUDÁMONOS

Necesitaremos

Figura de mostra da árbore.
Fotocopias dos modelos da árbore.
Pinturas de cores (verde e marrón).

Consideracións previas

Formar catro grupos cos nenos e nenas, e repartir as pezas da árbore e as pinturas da seguinte maneira:

Grupo 1: Peza 1 – Cor marrón

Grupo 3: Peza 3 - Cor marrón

Grupo 2: Peza 2 – Cor verde

Grupo 4: Peza 4 - Cor verde

Desta forma, na primeira fase cada persoa do grupo ten a mesma peza do quebra cabezas e o mesmo cor de pinturas. Pretendemos que non poidan formar e colorear por si mesmos a figura completa.

Na reflexión final, recalcar ideas como:

- A importancia da comunicación á hora de atopar solucións aos problemas.
- A riqueza que dá comunicarse con persoas diferentes e que pensan distinto.
- Que todos e todas nos necesitamos e podemos obter axuda dos demais.

Desenvolvemento

1ª Fase

- Dividir os nenos e nenas en catro grupos. Entregar a cada grupo as súas pezas da árbore segundo as indicacións previas. Ensinar a figura de mostra da árbore e pedir que tenten encaixar todas as pezas do quebra cabezas para conseguir formala.
- Tras un tempo, reflexionar en gran grupo a partir de preguntas como:
 - Conquistes montar o quebra cabezas? Por que?
 - Que podemos facer para solucionar o problema e conseguir que cada grupo monte o seu quebra cabezas?
- Deixar que os nenos e as nenas acheguen solucións, e se é necesario, axudar para que as atopen: animalos a que se pregunten entre os grupos, convidalos a que vaian ver as figuras doutros grupos, a que intercambien pezas, etc.
- No caso de que atopen a solución, pedir aos grupos que constrúan o quebra cabezas da árbore.

Reflexión

- Realizar unha segunda reflexión a partir de preguntas como:
 - Agora conquistes formar o quebra cabezas, por que?
 - Que tivestes que facer para conseguilo?
- Para finalizar, cada integrante coloreará a súa peza do quebra cabezas e montarán a árbore, cumprindo co obxectivo marcado.

Lembrar que un súper heroe de verdade sabe traballar en equipo e sempre busca o mellor para o grupo.







ACTIVIDADES XENEROSIDADE

Contidos que pode traballar con esta actividade:

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal** bloques 1, 2 e 3

Área **Coñecemento da contorna**, bloque 2

Área **Linguaxes: comunicación e representación**, bloque 1 e 3

COLOREAMOS E COMPARTIMOS

Neceitaremos

Pinturas de cores (amarela, verde, marrón, vermella).

Modelo e patróns para colorear de Chispa.

Desenvolvemento

- Dividir os nenos e as nenas en grupos de catro.
- Colocar sobre a mesa de cada un dos grupos, só unha pintura de cada cor (amarela, verde, marrón e vermella).
- Pedir que coloreen o modelo de Chispa utilizando as mesmas cores que os do modelo (pétalos amarelos, talo e follas verdes, cara marrón e boca vermella).
- Observar se durante o proceso apareceron problemas nos grupos ou compartiron sen que xurdisen enfrontamentos.
- Ao rematar de colorear o modelo sentar os nenos e nenas en círculo e establecer un diálogo a través de preguntas como:
 - Había pinturas de cores suficientes?
 - Algunha persoa quedouse coa pintura?
 - Como colorear as vosas flores? Compartistes as pinturas?
 - Compartides as cousas cos vosos irmáns/irmás, amigos/as...?
- A partir do que expresen, falar sobre a importancia de compartir para aprender a traballar en equipo.

Un súper heroe de verdade debe ser xeneroso.





ACTIVIDADES RESPECTO (os demais)

Contidos que podes traballar con esta actividade:

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**, bloques 1, 2 e 3

Área **Coñecemento da contorna**, bloque 3

Área **Linguaxes: comunicación e representación**, bloque 1, 3 e 4

QUE BEN O FAS...!

Necesitaremos

Un boneco/monicreque.

Consideracións previas

Para realizar esta actividade, utilizar o boneco que teña a clase de mascota ou calquera monicreque/boneco que teñamos na aula.

Serviranos de apoio para traballar os temas relacionados coa autoestima, a valoración dos demais, etc., xa que favorecerá que falen con el e se desinhiban.

Desenvolvemento

- Pedir aos nenos e as nenas que senten en círculo. Sacar o boneco.
 - No caso de que sexa un boneco novo, entre todos e todas, elixir un nome. A continuación, saudar a todos os nenos e as nenas, que se presentarán dicindo o seu.
 - Se é un boneco habitual da clase, pedir que, como non ten moi boa memoria, lémbrenlle o nome das persoas da clase.
- Despois, e sempre a través do boneco, contar que é moi importante que cada un teña o seu propio nome, porque é algo que nos diferencia doutras persoas, fainos especiais, o mesmo que as nosas calidades e habilidades. Explicar que ... sabe facer moitas cousas, pero que o que máis lle gusta é coñecer as cousas que fan ben os demais e dicirlles:

Que ben -----! (a acción que realicen)

xa que iso é unha maneira de mostrar agarimo ás persoas.

- Como exemplo, o boneco fará unha serie de cousas, como cantar, saltar..., e cada vez que o faga, aplaudiranlle e diranlle: Que ben cantas...! (ou o que corresponda á acción)
- A continuación, convidar a cada neno e nena a que pense algunha actividade concreta que fai ben, e que o conte. Cando o fagan, os demais aplaudirán e dirán:

i ----- (nome) que ben ----- (a acción que realice)!

- Establecer un diálogo co grupo a través de preguntas como:
 - Vistes que cada persoa ten un nome e unhas habilidades diferentes?
 - Gustouvos ver que os demais vos aplauden por facer ben as cousas?
 - Gústavos ver os vossos compañeiros e compañeiras facer cousas ben?, creedes que é bo animar os demais cando o fan?

Un súper heroe de verdade sempre respecta e trata aos demais con agarimo.

ACTIVIDADES RESPECTO (á natureza)

Contidos que pode traballar con esta actividade

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**, bloques 1, 2 e 3

Área **Coñecemento da contorna**, bloque 2

Área **Linguaxes: comunicación e representación**, bloque 1 e 4

REGAMOS CON COIDADO

Necesitaremos

Papel verde.

Papel cebola cor azul.

Consideracións previas

Trátase de recalcar a importancia de respectar a natureza non desperdiciando a auga, aínda que para iso, ás veces, teñamos que facer pequenos esforzos (simbolizados na actividade polo feito de levantarse para regar as plantas).

Previamente recortar pequenas pezas cadradas de papel cebola azul para repartir a cada neno e nena e que formen a súa pinga de auga.

Desenvolvemento

1ª fase

- Colocar no centro do círculo un par de follas coloreadas de verde. Simbolizan as plantas que debemos regar. Explicar que cada planta necesita un mínimo de tres pingas de auga para alimentarse ben e non secarse. O noso obxectivo é conseguir que todas as plantas estean ben regadas.
- Entregar aos nenos e nenas un anaco de papel cebola e pedir que fagan unha boliña que simbolizará unha pinga de auga. Colocar os nenos e nenas sentados en círculo, de xeito que todo o mundo quede como a tres metros das follas-plantas. Pedir que, sen moverse do seu sitio, lancen as boliñas poñendo o maior coidado posible en que as pingas de auga caian nas plantas.
- Cando teñan usado todas as súas “pinguiñas”, reflexionar sobre o ocorrido a partir de preguntas como:
 - Cantas pingas caeron en cada planta? Teñen as plantas as tres pingas que necesitan para sobrevivir?
 - Cantas pingas de auga caeron fóra das plantas e desperdiciáronse?
 - Consequimos, entón, o noso obxectivo?
 - Aproveitamos a auga que tiñamos?

2ª fase

- Pedir que recollan unha boliña por persoa e se volvan a sentar no seu sitio. Explicar que agora o procedemento para regar as plantas será diferente: iranse levantando, achegaranse ás plantas e depositarán a pinga de auga directamente encima dunha delas.

INFANTIL



Debemos controlar, ademais, que todas teñan as pingas que necesitan e que a distribución das mesmas sexa proporcionada.

- Reflexionar sobre o ocorrido a partir de preguntas como:
 - Cantas plantas teñen, polo menos, as tres pingas que necesitan?, Algunha ten máis de tres pingas?
 - Cantas pingas de auga desperdiciáronse esta vez?
 - Consequimos o noso obxectivo?
 - Custounos un pouco máis esta vez?, por que?
 - Que aprendemos con esta actividade?

Un súper heroe de verdade nunca malgasta a auga e coida aos seres vivos.

PLANTAR E COIDAR

Necesitaremos

Sementes diversas, macetas, terra e auga.

Desenvolvemento

- Explicamos que imos plantar unha serie de sementes e que as coidaremos entre todos e todas.
- Expor unha serie de preguntas para lembrar os pasos que temos que dar:
 - Que é o primeiro que necesitamos para que naza unha nova planta?
 - Onde poñemos esa semente?
 - Que “alimentos” necesita para crecer?
- Plantar a semente explicando paso por paso o que imos facendo: “Colocarei un pouco de terra na maceta, humedecereina cun pouco de auga e mesturareina coas mans. Despois colocarei a semente e encherei o resto de maceta con máis terra.”
- Deixar que, en pequenos grupos, os nenos e nenas planten o resto das sementes. Colocar as macetas preto das xanelas para que lles dea o sol e nomear unha persoa responsable semanalmente para que se encargue de regalalas.
- Cada dúas semanas valorar na Asemblea como están as plantas e preguntar que é o que máis lles está custando facer e como cren que o están facendo.

Para ser un súper heroe de verdade, debemos respectar a natureza e coidar das plantas e os seres vivos.